

O Entroido da Illa de Ons desenvólvese desde que este territorio se poboou a **mediados do século XIX ata 1975**, cando a migración dos seus habitantes impediu que se volvese celebrar.

En 2025 **conseguiuse recuperar** grazas aos testemuños dalgunhas persoas que o viviron ao longo do século XX: Manolo Pescadilla, Son, Aurita de Miro, Lola de Bighotes, José o Carabicho, María do Caño, María de Barbeiro...

Este Entroido estendíase desde o **Dominko Ghordo**, pasando polo **Dominko de Entroido**, o **Martes de Entroido** e o **Dominko de Piñata**. Este ano 2026 celébrase no Dominko Ghordo todo o que noutrora se desenvolvía neses catro días.

As figuras recuperadas desta festividade son as *máscaras*, os *mudados* e o *entroido*.

Pola mañá (11.00), o *entroido* e as *máscaras* **sairán desde Pe-reiró** acompañados dun grupo de gaita, caixa e bombo até Curro, pasando polo Canexol e O Caño.

Por suposto, cantarase a copla:



“Dominko Ghordo
Dominko fraco
pra San Xosé
nin can nin ghato”

Despois de comer, os *mudados* irán **roubar ás casas da Illa e irromperán na fiada** cando elas o estimen oportuno, facendo barullo coas potas, tixolas e trepías, **para zoscarlles aos asistentes**.

Pola tarde (15.00), haberá **fiada en Curro**, ademais dos xogos tradicionais desta época: pita cega, chave, carreira de sacos...

© imaxes e texto: JManuel Dopazo Entenza

ENTROIDO NA ILLA DE ONS



Dominko Ghordo
8 de febreiro de 2026



O *mudado* é a figura do caos. **Viste de branco** e tapa a cara cunha careta feita de calacú seco e **pintada de vermello**. Aterroriza non só polo aspecto senón porque **varea a xente**.

Sae pola tarde e **dedícase a roubar o cocido** ou outra comida nas casas. Ademais, cando a xente está **na fiada** (festa de pandeireta), **entra zoscando coa vara** aos asistentes. De todos modos, o gaiteiro avisa da súa chegada tocando a *Muiñeira de Chantada*.

O *entroido* é un **boneco de palla** vestido con roupa vella que se paseaba **enriba dunha ovella** por todas as casas da illa para anunciar a chegada dun novo Entroido.

A esta acción chámase-lle *recorre-los entroidos*. Vai acompañada das *máscaras* e **a xente únese á comitiva** conforme se atopan con el.



A *máscara* é unha figura que viste con **roupa vella** e tapa a cara cun **pano branco**. Vai cunha cesta polas casas **pedindo doces** de Entroido como *filloses, aurellas, chulas...*

Ademais, avisa da chegada desta festividade **facendo ruído** con potas vellas, acompañando o *entroido*.